

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE TRES PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL INCLUÍDAS NA OEP 2018 (AMPLIACIÓN) E OEP 2020

Con respecto ao segundo exercicio da fase de oposición, na base III.2 das específicas deste procedemento selectivo (BOP número 48, de 12/03/2021) establecécese que a puntuación será de 0 a 15 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 7,5 puntos.

En relación coa avaliación deste exercicio, o tribunal constituído para xulgar as probas acordou, na sesión celebrada o día 23/05/2022, os seguintes criterios de corrección e facelos públicos con anterioridade á realización da proba:

- Para aprobar o exame será requisito necesario superar cada un dos epígrafes do tema. Todos e cada un dos epígrafes valoraranse cun máximo de 15 puntos e será preciso obter un mínimo de 7,5 puntos para aprobalo.

A puntuación final obterase sumando as notas de cada epígrafe e dividindo este resultado entre o número de epígrafes dos que conste o tema.

- O tribunal poderá non finalizar a corrección dun exercicio si algún dos epígrafes non acada a cualificación de aprobado.
- O 80% da puntuación total valorará os coñecementos, a claridade e a orde de ideas.

Valorarase a aproximación á descripción e ao contido da normativa aplicable, diminuíndo ou incrementando a puntuación en función da aproximación ao dito contido.

- O 20% restante da puntuación total valorará a calidade da expresión, así como a forma de presentación e exposición.

Valorarase a contestación de cada un dos epígrafes do tema por orde e de forma diferenciada. Penalizarase o abuso de abreviaturas.

A Coruña, 24 de maio de 2022

A secretaria do tribunal

Marta Ramos Queijeiro